



Participa

Organiza:



Teléfono: 988 481 620
www.melon.gal - concello@melon.gal



II CONCURSO Tarxetas de Nadal 2020



BASES CONCURSO TARXETAS DO NADAL

O Concello de Melón convoca a 2ª edición do concurso de TARXETAS DO NADAL, dirixido a todos os nenos e nenas do Concello, co obxecto de chamar á atención sobre esta data entrañable de Nadal.

O Concurso realizarase coas seguintes BASES:

PARTICIPANTES:

Poderán concorrer ó concurso todos os alumnos/as do Colexio acorde ás seguintes categorías:

A: Educación Infantil (3, 4 e 5 anos)

B: Alumnos de 1º e 2º de Primaria (6 e 7 anos)

C: Alumnos de 3º e 4º de Primaria (8 e 9 anos)

D: Alumnos de 5º e 6º de Primaria (11 e 12 anos)

TEMA:

O tema da tarxeta será alusivo ó Nadal e deberán incluír paisaxes ou elementos alusivos ó Concello de Melón. Valorarase a orixinalidade e a capacidade creativa.

Deberán ser inéditas e confeccionadas exclusivamente polos participantes.

As postais deberán incorporar a frase “BO NADAL E PRÓSPERO 2021”

FORMATO:

Cada concursante presentará un único traballo e poderanse utilizar todas as cores (**non se poden utilizar purpurinas nin tintas metálicas**) en formato folio tamaño DIN A4(29,7 x 21 cm).

O soporte material pode ser papel ou cartolina fina.

As tarxetas deberan realizarse en formato horizontal. **É imprescindible que os traballos non veñan dobrados para evitar problemas de impresión en caso de ser premiados.**

PRESENTACIÓN:

Presentarase soamente unha tarxeta por persoa. A tarxeta irá sen firma e no dorso da mesma figurará:

Nome e apelidos do participante.

Domicilio

Idade

Telefono de contacto

Curso

As tarxetas entregaranse no Colexio. A data límite de entrega será o **10 de decembro de 2020.**

PREMIOS:

Haberá un premio por cada categoría que consistirá nun vale para material escolar e un diploma.

Todos os participantes recibirán un premio de consolación.

De todas as tarxetas premiadas, o Concello, seleccionará unha para que sirva como felicitación municipal. Será impresa profesionalmente con respecto á obra orixinal deste concurso e usarase para as felicitacións que anualmente envía o Concello (tanto dixitais como impresas) a diferentes organismos, administracións e personalidades coas que o Concello de Melón mantén relacións institucionais incluíndo na citada tarxeta o nome e apelidos do gañador/ra.

A obra seleccionada usarase, ademais, polos medios de comunicacións municipais (páxina web ou facebook) para felicitar as festas de Nadal ós seguidores destas redes.

XURADO:

O xurado estará formado por un número de persoas designadas polo Concello e o fallo será inapelable.

EXPOSICIÓN DE TRABALLOS:

Todas as tarxetas presentadas ó concurso poderán ser expostas na páxina web do concello e nas redes sociais.

A entrega de premios terá lugar no Colexio o coincidindo coa celebración dos actos de Nadal programados polo propio Colexio.

ACEPTACIÓN:

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das presentes bases, que poderán ser interpretadas e integradas polo xurado naqueles aspectos non previstos nas mesmas.

CESION DOS DEREITOS DE AUTOR E PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

As obras quedarán en propiedade do Concello de Melón, que poderá expoñelas, publicalas e editalas en forma de material divulgativo en calquera acción que realice, facendo constar sempre o nome do autor. Os participantes responsabilízanse na súa totalidade de que non existen dereitos de terceiro, así como de toda reclamación por dereito de imaxe.

Os datos recabados a través deste concurso serán tratados de conformidade coas bases do concurso, non cedéndose ou comunicándose os mesmos a terceiros.